



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CINECLUBE PADRE FEIJOO PARA A COLABORACIÓN NA DIFUSIÓN DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL NA CIDADE DE OURENSE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* formalizou coa **Asociación Cultural Cineclube Padre Feijoo** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o **2 de marzo de 2017 ata o 15 de decembro de 2017**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Que o obxecto deste convenio é a colaboración na organización dun programa de difusión de produción audiovisual na cidade de Ourense, cunha programación que se estenderá dende o 1 de abril ata o 15 de decembro de 2017, cun máximo de 30 semanas, a razón dun programa por semana (exceptuando os meses de xullo e agosto), e ao longo das cales se proxectará un mínimo de sete títulos de produción galega, así como una escolma representativa da diversidade da programación da sala de proxeccións do Centro Galego de Artes da Imaxe dos últimos meses.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic considera necesario impulsar a relación entre os distintos axentes culturais galegos no ámbito audiovisual, establecendo programas de cooperación con outros centros con fins semellantes ou complementarios. A colaboración, neste caso, co Cineclube Padre Feijoo busca indicir nun maior coñecemento das artes da imaxe e posibilitar un enriquecemento e variedade da oferta cultural na cidade de Ourense, polo que ambas as entidades consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante o ano 2017 que profundicen na promoción, potenciación e difusión do sector audiovisual a través da organización das actividades obxecto deste convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto





Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

